

autismoGALICIA

POLITICA  
CONFLICTOS  
DE  
INTERESES

Federación AUTISMO GALICIA

AG



**DATA DE APROBACIÓN: 13 /12/2021**

**ORGANO DE APROBACIÓN: Xunta Directiva Federación Autismo Galicia**

## PROPÓSITO.

A Federación Autismo Galicia, como entidade sen ánimo de lucro, depende do apoio dos seus membros e de actores claves externos para alcanzar as súas metas e obxectivos, lograr a súa visión e cumprir coa súa misión.

Esta política se desenvolve co fin de promover decisións transparentes e imparciais dentro da Federación, garantindo a súa integridade. O seu principal obxectivo é asistir ao órgano de goberno da entidade, aos seus directivos e persoal de dirección, na identificación dos conflitos de intereses reais, potenciais ou percibidos e brindarlle procedementos para evitar situacións que os xeren cando sexa posible e abordalos cando ocorran, evitando que intereses persoais e/ou institucionais interfiran co normal desenvolvemento da súa labor na entidade e asegurar que non existe beneficio persoal, profesional ou político en prexuízo da entidade.

O conflito de interese se define, por tanto, como un interese que podería afectar ou podería parecer que afecta, ao xuízo ou á conduta dalgún ou algúns membros do órgano de goberno, persoal contratado, etc. en prexuízo dos intereses da entidade.

Esta política non pretende prohibir a existencia de relacións entre a entidade e terceiras partes relacionadas co órgano de goberno, empregados ou outros individuos ou grupos relacionados coa organización, cuxos intereses poidan coincidir na realización dalgunha actividade conxunta (dualidade de intereses e non conflito).

Esta política si esixe, sen embargo, ante a posibilidade dalgunha das situacións sinaladas, a obriga de poñelo en coñecemento de quen designe a mesma e de que si se decide que existe dito conflito de interese, a persoa ou persoas involucradas non participen no proceso de toma de decisións.

## PRINCIPIOS XERAIS:

En liña coa lexislación que sexa de aplicación, o sistema de goberno corporativo da Federación Autismo Galicia e as mellores prácticas de goberno, esta política e a estratexia de prevención e xestión de conflitos de intereses se desenvolverán a partir dos seguintes principios xerais:

- Cumprimento da lexislación, sistema de goberno corporativo e asunción de recomendacións e principios e mellores prácticas de goberno: A Xunta Directiva da entidade promove e protexe a misión da entidade, os valores e a reputación da mesma, actúa e toma decisións en favor do interese do colectivo, asumindo unha responsabilidade colexiada sobre ás súas decisións. Os membros da Xunta Directiva non toman decisións en función dos seus intereses individuais nin do interese de calquera outra organización ou causa na que puidesen estar involucrados ou ter algún interese. A Xunta Directiva non permite que os seus membros obteñan beneficios derivados da súa posición, máis aló do que permite a lei ou regulamentos da entidade.

- **Responsabilidade:** Os membros da Xunta Directa non utilizarán os seus cargos para obter tratamento favorable ou preferencial para uso de servizos, en beneficio propio ou no da súa familia e achegados. Así mesmos non utilizarán o seu cargo para recibir comisións, contraprestacións pecuniarias ou bens materiais por unha transacción, operación ou prestación dun servizo da federación. Non utilizarán as actuacións ou imaxe da federación en beneficio propio ou alleo. Os membros da Xunta Directiva non poderán difundir a información coñecida en virtude dos seus cargos e que non sexa pública.
- **Transparencia e veracidade da información sobre conflitos de intereses:** A Federación Autismo Galicia, velará para que toda a información relativa a conflitos de intereses sexa obxecto de difusión e revisión conforme aos principios de transparencia, claridade, veracidade e precisión informativa.
- **Imparcialidade e profesionalidade:** A Federación Autismo Galicia e as persoas suxeitas ao presente regulamento velarán por que ás súas actuacións profesionais sexa en todo momento imparciais e obxectivas, especialmente en operacións que poidan supoñer un conflitos de intereses.

#### **AMBITO DE APLICACIÓN:**

Serán persoas suxeitas ás regras sobre conflito de interese contidas na presente política: todos os membros do órgano de goberno da Federación, Xunta Directiva.

#### **DEFINICIÓN.**

Conflito de interese: fai referencia a todas as situacións de interferencia nas que un directivo/a poida estar, nun momento determinado das súas funcións, aproveitando para si ou para un terceiro as decisións que el mesmo debe tomar, fronte a distintas alternativas de conduta en razón da actividade mesma que desenvolve e cuxa realización implicaría a omisión das obrigas contractuais ou morais ás que está suxeito.

Información privilexiada: é aquela información á que só teñen acceso directo determinadas persoas por razón do seu cargo ou das funcións que desenvolvemento, e que polo seu carácter, está suxeita a reserva, xa que de coñecerse podería ser utilizada co fin de obter proveito ou beneficio para si ou para un terceiro. Esta información debe versar sobre feitos concreto s e referidos ao entorno dentro do cal actúa a federación.

#### **NORMAS XERAIS:**

##### **Conflitos de intereses:**

1º. Se considera que existe un conflito de interese cando se adopten acordos polos que se estableza unha relación contractual entre a Federación e a persoa que integre o órgano de

gobierno, o seu representante, os seus familiares ata o cuarto grado de consanguinidade ou segundo de afinidade inclusive ou persoa ligada con relación de afectividade análoga á do cónxuxe, ou ben na adopción de cordos polos que se estableza unha relación contractual entre a federación e unha empresa ou organización na que a persoa que integre o órgano de goberno ou a xerencia, seus familiares nos mesmos graos, o seu cónxuxe ou persoa con relación de afectividade análoga á do cónxuxe, teñan participación superior ao 25%.

Non obstante, en cada caso se analizarán as circunstancias atenuantes como: mellor oferta económica e prestación de servizos que outras empresas que concorran ao mesmo concurso.

En este caso o/a directivo/a afectado/a se absterá de votar, aspecto que se reflectirá na acta correspondente de reunión de Xunta Directiva..

2º Se considera que existe conflito de interese no caso de adopción de acordos polos que ese fixe unha retribución polos seus servizos prestados á Federación, sempre dentro dos límites establecidos pola lexislación aplicable, distintos dos que implica o desenvolvemento das funcións que lle corresponden como membro da directiva.

3º.- Se considera que existe conflito de interese no caso de acordos polos que se entable a acción de responsabilidade contra a persoa afectada que integre a Xunta Directiva.

4º Se considera que existe conflito de interese no caso de conflitos que poidan xurdir co persoal contratado ou voluntario da entidade, que deban dirimirse en reunión de Xunta Directiva, cando medie unha relación familiar ou de amizade coñecida e constatada e un ou varios membros de Xunta Directiva.

### **Manexo da información:**

Os membros da Xunta Directiva deben ser especialmente coidadosos e celosos en preservar ás súas condutas individuais nesta materia.

En relación co manexo da información deben ter en conta os seguintes principios:

1º.- Se os membros da Xunta Directiva reciben información non pública, non poderán difundir dita información salvo a aquela persoa á quen se lle deba transmitir a información e teña necesidade de coñecela por acordo dos demais membros da Xunta Directiva.

2º.\_ Todo/a directivo/as deberá evitar discusión pública ou privada das cuestións relacionadas coas beneficiarios/as ou persoal da entidade, salvo con aqueles que teñan necesidade de coñecela por acordo dos demais membros de Xunta Directiva.

Outras prácticas:

Os membros da Xunta Directiva non deben colocarse nunha posición de competencia coa Federación Autismo Galicia. As seguintes actividades se consideran dentro desta categoría:

1º.- Face uso do cargo para obstaculizar o exercicio da actividade.

2º.- Recibir unha comisión, contraprestación pecuniaria ou bens materiais dun terceiro, por unha transacción, operación ou pola prestación dun servizo á federación.

3º.- Aproveitar para si ou para outro, de maneira pouco apropiada, directa ou indirectamente, unha actuación da federación.

4º.- Utilizar a imaxe da federación, a súa reputación ou o seu nome co fin de obter beneficios ou favores para si ou para un terceiro.

5º.- Os/as directivos/as deberán absterse de provocar gastos innecesarios na xestión ordinaria e na execución das inversións da federación.

6º.- Os membros da Xunta Directiva non utilizarán os seus cargos para obter tratamento favorable ou preferencial para o uso dos servizos, en beneficio propio ou no da súa familia e achegados.

## **PROCEDEMENTO.**

### **Comunicación:**

A persoa ou persoas que teñan coñecemento da posible existencia dun conflito de interese propio ou doutro membro da entidade deberá poñelo en coñecemento do órgano competente da entidade, a Xunta Directiva, achegando probas ou argumentos necesarios para verificar si existe ou si podería parecer que existe dito conflito de interese.

### **Determinación de si existe ou podería parecer que existe un conflito de interese.**

En reunión da Xunta Directiva se exporá o caso con tódolos datos posibles e se escoitará á persoa interesada. Posteriormente dita persoa abandonará a reunión e se discutirá si se considera que existe ou podería parecer que existe dita situación de conflito de interese.

### **Procedemento a seguir:**

Sempre en reunión de Xunta Directiva, ou no órgano designado pola entidade para contratacións, compras, ou calquera outro aspecto no que xorde o conflito de interese:

1. A persoa interesada realizará unha presentación expoñendo ás súas razóns para a contratación ou o acordo ao que se pretende chegar. Posteriormente esta persoa abandonará a reunión.
2. A Xunta Directiva poderá convocar á reunión unha ou varias persoas desinteresadas para propoñer alternativas á situación que fora da opción presentada pola persoa interesada.
3. Posteriormente a Xunta Directiva deberá decidir si algunhas das alternativas propostas poder ser igual ou máis beneficiosa que aquela que pode supoñer un conflito de interese.
4. Si ningunha das alternativas propostas mellora as condicións da presentada pola persoa interesada se terá que decidir por maioría dos membros interesados si se segue adiante coa contratación ou acordo.

### **INCUMPRIMENTO DA POLÍTICA DE CONFLICTOS DE INTERESES.**

1º.- Si a Xunta Directiva ten coñecemento dun posible incumprimento da política de conflito de interese deberá informar ao membro sobre as razóns para crer que se incumpre a política e permitir á persoa afectada que expoña o seu punto de vista sobre a situación.

2º.- Si, despois do anterior, a Xunta Directiva decide que non se seguiu o procedemento axeitado ou non se ten informado dun conflito de interese, xa sexa real ou potencial, se tomarán as medidas axeitadas, podendo chegar á expulsión da persoa da Xunta Directiva.

### **ARQUIVO E PROCESO DE RENCIDIÓN DE CONTAS:**

As actas das reunións de Xunta Directiva deberán conter:

1º.- Os nomes de todas as persoas que teñan intervindo dende o comezo do proceso cun resume das súas intervencións.

2º.- As alternativas estudadas á transacción ou acordo proposto pola persoa interesada.

3º.- As razóns polas que se teñen decidido continuar con dita transacción ou acordo.

4º.- O acordo acado e votación final.

### **PUBLICIDADE**

Cada membro da Xunta Directiva da entidade así como calquera persoa na que se delega algunha capacidade de decisións na entidade deberá asinar un documento ou carta na que afirme que:

1º.- Ten recibido copia da política de conflito de interese.

2º.- Leu e comprendeu a política.

4º.- Está de acordo co cumprimento de dita política.

### **REVISIÓN PERIÓDICA.**

Anualmente a Xunta Directiva deberá revisar e emitir un informe que xustifique que as transaccións, contratacións, acordos, etc. Realizados nos que se produciu ou parecía se podería producir un conflito de interese, aínda se xustifican polas súas condicións beneficiosas para a entidade en detrimento doutras posibilidades que non suporían conflito de interese.

### CLÁUSULA DE CONFLITO DE INTERESE.

O persoal da Xunta Directiva e persoal de Dirección da Federación Autismo Galicia, no seu caso, deberán absterse de intervir nas deliberacións que afecten a asuntos nos que estean interesados.

Se procurará evitar as relacións e operacións comerciais entre a Federación Autismo Galicia e os membros de Xunta Directiva ou, no seu caso, persoal de dirección. Cando existan, deberán ser comunicadas ao órgano de goberno e deberán ser aprobadas polo mesmo.

Os membros da Xunta Directiva deberán comunicar ao órgano de goberno a súa participación en organizacións que traballen no mesmo sector de actividade. O órgano de goberno será o encargado de avaliar este dato e xulgar si existe, de forma argumentada, si existe un conflito de intereses que poida levar a recomendar o cesamento ou baixa do membro.

#### **Documento de Aceptación da Política de Conflito de Intereses.**

D/Dna. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ lin e comprendín a Política de Conflito de Intereses da entidade.

No caso de que se producise calquera situación ou circunstancia persoal, familiar, profesional ou empresarial orixinaria ou sobrevida, que poida implicar que eu me atopo nunha situación de conflito de interese, me comprometo a informar deste feito ao órgano de goberno.

Data:

Nome:

Asdo.

Esta política foi aprobada na sesión de Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia o día 13 de decembro de 2021



**SEDE SOCIAL**

Rúa Home Santo de Bonaval,74

**CENTRO DE RECURSOS**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

